

Son dona dunha ausencia, dun baleiro de case corenta anos, dun  
abismo que se abre dentro de min.

*Laura no deserto.*

Antón Riveiro Coello

## Auga catastrófica

Cando abro as fiestras da sala, unha luz cegadora penetra nos baleiros dos mobles cubertos por sabas que os cobren por completo. Non hai moito que limpar xa, a tía Luísa é a que se encarga de tela lista para as nosas vacacións. Nin un reflexo de po, nada que entorpeza a nosa estadía de verán. Só deixa os mobles porque, como boa anfitroia sabe que o ritual de descubrir o mobiliario antigo axuda a non esquecerme se cabe un pouco máis da marabillosa infancia que pasei na casa. Correr entre as cadeiras e rubir á mesa da sala, mentres a miña nai me perseguía para fundirnos nun eterno abrazo, dáme a sensación de estar aínda viva.

A terraza con vistas á praza está chea de xeránios e hortensias en flor. O seu cheiro reconfortante chega ata tempos remotos e logo me vexo entre os xogos de pelota, penzas, e saltos á corda. A tía Luísa expiábanos polo canto do ollo mentres carrexaba os barreños de auga da fonte do Casar, para prepararnos os substanciosos guisos. Ela dicía que se o guiso non levaba a auga da fonte, non era guiso nin era nada. A auga baixaba da serra da Magdalena e viña tan limpa e fría que daba gusto refrescarse despois de correr tras a pelota. Mamá xa estaba enferma daquela, e foi ela quen mirou por nós xa de pequechas. Agora son as miñas fillas as que corren escaleiras abaixo para rescatar as bicicletas da palleira e gozar do verán. Elas prefiren botar carreiras ó redor da fonte que está no medio da praza que xogar ó truco ou ó brilé. Mentres gocen

da súa infancia, dáme o mesmo que esfolen os tenros xeonllos ou destrúan as bonecas agochadas no baúl do faiado para facer prácticas de medicina e perruquería

Boto unha última ollada para praza pero xa non é o mesmo. Faltan os compañeiros de xogo. Case non queda ninguén na aldea, marcharon cara novos mundos. . Fixeron as súas vidas esquecendo os xogos da nenez e as loitas da xuventude. Só quedo eu coma unha sobrevivente nata á maxia da aldea. Mais daquela aldea pura e limpa xa non queda case nada. Aínda lembro as loitas que fixemos para mantela así como debe ser, privilexiada e reconfortante. A derradeira foi antes de ir para a facultade, eramos novos e rebeldes, pero loitabamos con dignidade para defender o noso entorno. Coas pancartas percorremos centos de veces as canellas empedradas berrando ó son do tambor de Xoán, “non ós verquidos incontrolados , non ás mini centrais e non a depuradora da aldea”. Esixiamos seguridade ambiental para todos, para os nosos futuros fillos e para os nosos pais que loitaron ó seu xeito para que nós gozásemos do que nos deixaban coma herdanza.

Transcorreu moito tempo daquela manifestación. Ó final, impúxose a depuradora que, malia ser colocada á entrada da aldea o cheiro a lixo, e a podremia quedaron aniñados para sempre no contorno. Nós quedamos frustrados por non parar aquel atentando, porque dalgún xeito nos sentimos responsables, pero era todo o que estaba na nosa man por facer. No fondo tamén nos sentimos sucios por respirar aquel noxo. Co tempo todo quedou esquecido coma os xogos da infancia.

Cando todos marchamos, dalgún xeito, tamén esquecemos o noso pasado, mesmo sendo privilexiado deixounos un pouso triste. Eu aínda estiven un tempo obcecada por colocar a consulta veterinaria na aldea despois de rematar a carreira, pero o meu home un defensor da cidade por riba de todo, logo mo sacou da cabeza. Seguimos coa nosa vida de capital, pero logo do fracaso conxugal aínda penso se fixen o correcto.

Un luns calquera despois dun día duro na consulta cando cheguei á casa para a cea, a televisión da cocíña comezou a vomitar catástrofes sobre a aldea. O xornalista que estaba no lugar con rostro circunspecto relataba que o río Arenteiro que atravesa a aldea, Oseira de arriba, fora degradado con residuos industriais que o contaminaran totalmente. Continuou no seu soliloquio, considerando responsable a unha das empresas situadas na zona industrial das proximidades. As autoridades locais con todo, tiñan aberto unha investigación para atopar o máis rápido posible o responsable do desastre. Aquelas imaxes falaban por si, era unha auténtica calamidade. O río tornárase nun verdadeiro cemiterio, non deixando practicamente peixe vivo ó redor. Logo apareceron imaxes dos meus veciños retirando as criaturas mortas para evitar males maiores. Despois o repoteiro aleatoriamente colleu a Don Xoán, o mestre xa xubilado, que recoñecín inmediatamente, para comentar o sentir da parroquia. O único que lle puido saír daquela boca era que se fixera xustiza e punto. Eu xa só escoitei mortos, esa triste palabra quedou fedellando na miña cabeza, todos mortos. Os meus peixiños mortos. Tiven que sentar nunha cadeira para recuperar da impresión, incapaz de deixar de chorar. Ó final, eu tamén me sentín morta. Non sei porqué pero aquel día morrín un pouco. O meu río degradado. O río no que aprendín a nadar, e no que a miña cadela Tula

pescou o seu primeiro peixe dun salto no aire.. O río no que o meu irmán fixo o Tarzán centos de veces, o que foi testemuña dos meus primeiros bicos, e das primeiras bágoas. O meu río por encima de todo. A dor pola coitelada que sufriu *o meu río* seguiu martelándome ben anos. Ata agora, que o contemplo moribundo. O son celestial do correr das súas augas converteuse en queixumes tristes augurando un futuro cincento, negro.

Co tempo a dor foi diminuíndo, aínda que seguín a pensar porqué lle fallara, porqué me fallara a min mesma

No verán pasado, cando as miñas fillas e máis eu paseabamos en bicicleta polo regueiro á beira do río, as palabras da miña pequecha Eva, caeron no meu silencio coma un raio nunha noite de tormenta. Preguntábame por qué o río cheiraba mal, e por qué levaba algas verdes. Ela seguía a rosmar cómo o río da vila era verde, que nas historias que lía, eran transparentes e na escola a profesora mandáballos deseñar con cores azuis ou como moito deixalos en branco, e tamén nas historias que lle contaba, os nenos bañábanse nel e xogaban, cando alí nunca vira ningún neno, e as algas tamén estaban no mar, e non nos ríos, ou era o que lle parecía lembrar dos debuxos. Non souben que responder, porque estaba no certo. O primeiro que me veu á mente foi que o río estaba doente, a súa enfermidade era longa e, ás veces leva tempo cicatrizar. Para iso había que coidar ben del, para que curase o máis axiña posible, mantendo a auga limpa por exemplo, e con pequenos xestos coma non perder a auga da ducha ou da billa máis que para o necesario,axudaría moito a que a enfermidade fose máis curta. Non sei se me creu, pero eu si que o crin, e iso tamén conta.

Porque cando leo contos infantís tento tamén crelos como ela fai. Viaxar por mares e océanos repletos de sereas e seres maravillosos, navegando por ríos con augas cristalinas, respirando o aire puro das fragas de contos de fadas, bruxas encantadas e meigas, no que millóns de animais fan a súa casa nas follas verdes dos castiñeiros ou dos carballos, os mesmos que agochan a máis espectacular orquestra sinfónica do mundo que toca melodías que chaman á primavera e transmiten a alegría das princesas, que presas nas súas torres coma nós, só poden soñar cun mundo mellor e digo eu, pobre inxenuas.

Cando finalmente desmantelo o cuarto, gardo as sabas brancas debidamente dobradas no resistente armario de carballo que cheira a naftalina. Ese cheiro chégame ós pulmóns acostumbrados ó olor da lixivia, antibiótico e anestesia. Despois de enchelos de frescura vou para a casa da tía Luísa, que se atopa en fronte da nosa. Cando abro o vello portalón de castiñeiro o cheiro a estufado remexe nas profundidades da miña memoria. O pasado espertou con dureza de ausencia. A tía aínda non percibiu a miña presenza, polo que aproveito para deixarme levar nunha néboa lixeira. A casa está chea de recordos, imaxes de mamá, cadros de cando pintaba no pequeno taller fronte ó xardín, anacos de poesía que conformaron a miña infancia en Oseira. Presidindo o cuarto, un armario grande que alberga os álbums antigos que a tía colecciona desde tempos inmemoriais. Grazas a unha vella Polaroid que lle regalou o seu primeiro e único mozo, que ó ver que non se decidía pasar polo altar, emigrou a facer as Américas, deixándoa para vestir santos, a vida da aldea e a nosa quedou inmortalizada en papel fotográfico. Coma un animal fóra de xogo sucumbín á nostalxia do pasado, e as mans escorregaron entre os álbums debidamente colocados por orde cronolóxica. Automaticamente a man dereita

paralízase no álbum do ano 97, o ano no que o río foi deshonrado. Cada álbum ten un título que identifica o contido. O do 97 a miña tía acertadamente titulouno "auga catastrófica".

Sento no sofá e abro o directorio coma unha ferida antiga que volve a rachar. Centos de fotografías atropélanse na miña cabeza. Cada foto queda gravada a fogo na miña memoria esquecida daquel atentado, volvendo causarme o mesmo impacto, un arrepío que me deixa esmagada.

Para camuflar a rabia que sinto, necesito saír de casa en silencio para que a tía no vexa a cara de noxo que levo. As ganas de aloumiñar o meu río énchenme o peito. Teño que estar a soas con el, preciso do seu perdón por non apoiálo na súa enfermidade, mesmo na súa lenta recuperación.

Camiño levada pola tentación, ata que me achego a el. Aínda que o día está claro e quente, unha néboa novelada coma unha folla inflada no aire, cae entre os bidueiros que o protexen. Xa non hai un alma ó redor. É a hora de degustar a cea. Saúdoo coma sempre. Descalzo as sandalias de tiras e deixo caer a puntinha das dedas do pé dereito nel. Sempre o sentín moi frío, pero por mor da súa enfermidade subiulle a temperatura. Xa non cheira tan mal despois de tanto tempo.

- *Ola Arenteiriño....*

PD: O río Arenteiro realmente sufriu no ano 1997 un grande atentado ecolóxico cun verquido de sosa no que morreron máis de 40.000 troitas. Por vía xudicial inculpouse á empresa Aquagest. Recibe cada ano numerosos verquidos incontrolados. Posúe una mini central que o cruza na parroquia de Cabanelas, pertencente ó concello do Carballiño.